



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Dixitalización e edición	Código	613836043	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da InformaciónComputaciónLetras			
Coordinación	Cordoba Rodriguez, Felix	Correo electrónico	felix.cordoba@udc.es	
Profesorado	Cordoba Rodriguez, Felix Saavedra Places, María de los Angeles	Correo electrónico	felix.cordoba@udc.es angeles.saavedra.places@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo integrado dos procesos, convencións e ferramentas de edición tradicionais, e dos sistemas de codificación dixital e preservación dos materiais textuais e audiovisuais en contornos virtuais.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Prácticas a través de TIC Traballos tutelados *Metodoloxías docentes que se modifican Sesión maxistral e Obradoiro: Pasarían a se impartir mediante Teams</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Atención síncrona nos horarios de titoría do profesorado mediante Teams. Atención asíncrona mediante correo electrónico ou foro de Moodle.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Sesión maxistral (asistencia): Terase en conta a entrega regular de actividades e a participación, síncrona ou asíncrona, nas clases. *Observacións de avaliación: Non se modificarán outros mecanismos de avaliación.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Empregarase só o material en liña.</p>			

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Capacidade no manexo das diferentes tecnoloxías lingüísticas aplicables á edición de textos e imaxes: dicionarios electrónicos, correctores e tradutores automáticos, software e hardware para o tratamento de textos e imaxes.	A10	BI8	
Adquirir destrezas aplicables á comunicación, principalmente de contidos científicos.		BI1 BI4	
Adquisición de coñecementos especializados nos campos da lingüística e da informática, que permitan a análise e a resolución de problemas dentro de contextos multidisciplinares relacionados cos estudos lingüísticos.		BI2 BI6	CM6
Fomentar a reflexión sobre a responsabilidade social e ética no campo da edición de textos e imaxes.		BI3	
Coñecemento de recursos e adquisición de destrezas para desenvolver a aprendizaxe autónoma e ao longo da vida.		BI5	CM7
Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.		BI7 BI10	
Comprensión da importancia social e económica da actitude emprendedora no campo da edición.			CM5 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Representación da información: métodos e formatos de codificación dixital da información de textos, imaxes, vídeo e audio	1.1. Dispositivos de almacenaxe e concepto de codificación 1.2. Codificación de textos 1.3. Codificación de imaxes 1.4. Codificación de audio e vídeo
2. Proceso técnico de dixitalización	2.1. Características e fases 2.2. Escaneado 2.3. OCR e revisión 2.4. Outras
3. Preservación da información dixitalizada: problemas e importancia	3.1. Problemas e importancia 3.2. Estratexias de preservación dixital 3.3. Recomendacións e boas prácticas
4. A edición: tipoloxía. Procesos e ferramentas de xestión editorial	4.1. Edición tradicional e edición electrónica 4.2. A xestión editorial 4.3. Recursos e ferramentas para a edición
5. Novos soportes e novas tecnoloxías aplicadas á edición. Especificidades da edición electrónica	5.1. O libro electrónico 5.2. As plataformas de edición

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	B1 B3 B5 B6 B7 B10 C7	8	0	8
Prácticas a través de TIC	A10 B2 C6	0	20	20
Obradoiro	A10 B2 B3 B7	7	20	27
Traballos tutelados	A10 B2 B4 B8 C5 C6 C8	0	18	18
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesións expositivas en que se presentarán contidos teóricos en combinación con exercicios prácticos



Prácticas a través de TIC	Actividades, prácticas e exercicios. Solución de problemas, prácticas guiadas, elaboración de materiais etc. Requirirán o uso de computadores e varias aplicacións informáticas.
Obradoiro	Combinación de diversas metodoloxías e probas (solución de problemas, prácticas guiadas etc.) a través das cales o alumnado desenvolve tarefas sobre un tema específico co apoio e supervisión do profesorado.
Traballos tutelados	Elaboración dun conxunto relevante de materiais dixitais multimedia, combinada cun exercicio de revisión lingüística, ortotipográfica e maquetación dun texto, coa elaboración dos seus respectivos paratextos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Prestarase unha especial atención ás posibles diferencias no estudantado tanto en canto a familiarización con conceptos e termos informáticos ou da edición como en canto ás habilidades para o manexo de ferramentas informáticas.
Obradoiro	As actividades e o traballo tutelado levarán consigo unha fase de preparación e seguimento que implica un uso intensivo das titorías.
Sesión maxistral	Enténdese que a avaliación forma parte do proceso de aprendizaxe e, polo tanto, recoméndase que se empreguen as titorías para revisar os exercicios e o traballo tutelado despois de avaliados.
Prácticas a través de TIC	As titorías poderán ser presenciais ou realizarse mediante correo electrónico, en foros da plataforma Moodle ou mediante Teams.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A10 B2 B4 B8 C5 C6 C8	Constará de dúas partes: 1. Dixitalización dunha obra editada en papel (ou parte dela) seguindo os pasos/fases do proceso de dixitalización que se verán nas aulas (45 % da cualificación final). 2. Preparación da edición dun texto mediante a recopilación da actividades realizadas nas sesións de obradoiro (15 % da cualificación final).	60
Obradoiro	A10 B2 B3 B7	Tarefas de edición, corrección e maquetación de textos.	15
Sesión maxistral	B1 B3 B5 B6 B7 B10 C7	Avaliarase a participación significativa nas sesións.	10
Prácticas a través de TIC	A10 B2 C6	Posta en práctica dos contidos da materia mediante actividades realizadas con programas de edición de textos.	15

Observacións avaliación

Para superar a materia será necesario acadar nas prácticas a través de TIC, no obradoiro e no traballo tutelado unha puntuación mínima de 4 (sobre 10). De non obter esta puntuación en cada un destes mecanismos de avaliación, a cualificación nas actas será, como máximo, de 4,9 puntos.

Na segunda oportunidade deberanse presentar actividades equivalentes aos mecanismos de avaliación non superados. Estas actividades serán propostas e entregadas na plataforma Moodle. A cualificación correspondente á participación na sesión maxistral, de non terse superada, obterase mediante actividades alternativas que se realizarán a través de Moodle.

En caso de non presentar o traballo tutelado nos prazos e forma estipulados, o/a estudante será cualificado/a como non presentado.

O estudantado con dispensa académica de asistencia será avaliado mediante o traballo tutelado e actividades correspondentes ás prácticas e aos obradoiros. A cualificación correspondente á participación nas sesións maxistras obterase mediante unhas actividades alternativas que se realizarán mediante Moodle.

Poderanse adoptar as adaptacións oportunas para o estudantado con modalidades específicas de aprendizaxe.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Prieto Espinosa, Alberto; Prieto Campos, Beatriz (2005). Conceptos de Informática. Madrid: McGraw-Hill. https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/50305 - Beekman, G. (2005). Introducción a la informática. 6.ª ed. . Madrid: Pearson. https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/45332 - Prieto Espinosa, Alberto; Lloris Ruiz, Antonio; Torres Cantero, Juan Carlos (2006). Introducción a la informática. 4.ª ed.. Madrid: McGraw-Hill. https://elibro-net.accedys.udc.es/es/ereader/bibliotecaudc/50210 - Blanco Valdés, Juan Luis (2009). Do orixinal ao libro. Manual de edición técnica . Vigo: Xerais - Buen Unna, Jorge de (2008). Manual de diseño editorial. Gijón: Trea - Blanco Valdés, Juan L. (2012). Manual de edición técnica. Del original al libro. Madrid: Pirámide - Gil, Manuel; Gómez, Martín (2016). Manual de edición. Guía para estos tiempos revueltos. Bogotá: Cerlalc - Jardí, Enric (2019). Así se hace un libro. Barcelona: Arpa - Masid Valiñas, Germán; Fernández Sanz, José (2017). Cita con los textos. Cuando el autor hace de editor. Boadilla del Monte (Madrid): Ollero y Ramos - Polo Pujadas, Magda (2016). Creación y gestión de proyectos editoriales en el siglo XXI. Del papel a la era digital. 2.ª ed.. Cuenca: Universidad de Castilla-La Mancha, Univ. de Cantabria, Univ. de les Illes Balears. https://e - Torres Ripa, Javier (ed.) (2013). Manual de estilo Chicago Deusto. Bilbao: Universidad de Deusto <p>Materiais incluídos no espazo da materia na plataforma Moodle. Materiais incluídos no espazo da materia na plataforma Moodle.</p>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Adell, Ferran (2016). Edición en EPUB. Barcelona: UOC. https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/58464 - Beltrán, Jorge Enrique (2017). Manual de edición académica. Universidad de los Andes-Universidad Nacional de Colombia. https://elibro-net.accedys.udc.es/es/erea - Davies, Gill (2005). Gestión de proyectos editoriales: cómo encargar y contratar libros. México: Fondo de Cultura Económica. https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/10 - Marín Álvarez, Raquel (2013). Ortotipografía para diseñadores. Barcelona: Gustavo Gili. https://elibro-net.accedys.udc.es/es/ereader/bibliotecaudc/45509 - Martínez de Sousa, José (2005). Manual de edición y autoedición. Madrid: Pirámide

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías